



# O economista Santiago Lago ve urxente contar cun plan fiscal que se anticipe á volta á normalidade

*Considera necesario "ter unhas contas saneadas e controlado o déficit para ter un colchón para afrontar os problemas".*

Por E.P. | Santiago de Compostela | 14/05/2021 | Actualizada ás 14:06



A vicepresidenta terceira e ministra de Traballo e Economía Social, Yolanda Díaz, e o director do Foro Económico de Galicia, Santiago Lago, na presentación do seu libro sobre estabilidade fiscal | Fonte: M. Dylan - Europa Press.

O director do [Foro Económico de Galicia](#) e catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, Santiago Lago, considerou urxente

contar cun plan fiscal a medio prazo que se anticipe á volta á normalidade.

"Hai que ter unhas contas saneadas e controlado o déficit para ter un colchón para afrontar os problemas", expuxo durante a presentación do seu libro **'La estabilidad fiscal en España: los deberes pendientes'**, un acto que contou coa presenza da vicepresidenta terceira e ministra de Trabajo e Economía Social, Yolanda Díaz.

A ministra defendeu, na súa exposición, que a responsabilidade fiscal é "compatible" co desenvolvemento do Estado de Benestar. Tamén avogou por unha reforma do sistema fiscal español, adaptándoo a retos como o cambio climático ou a dixitalización.

Antes, Santiago Lago, elixido o Goberno para formar parte do **comité de expertos que abordará a reforma fiscal en España**, admitiu que **non é o momento de "axustar" o déficit** polo contexto de pandemia, pero apelou a un "acordo" de país para abordar os retos a este respecto.

Así, insistiu na importancia de contar cunhas contas estruturalmente saneadas para contar coa marxe necesaria cando a situación o demanda. Tamén defendeu a necesidade de que haxa un amplo consenso social.

Tras a súa intervención, a ministra de Trabajo resumiu os obxectivos do Goberno de, entre outras cuestións, abordar os "desequilibrios" no mercado de traballo. Neste sentido, apelou ao "diálogo social".